

Semana 18-22 Maio



Luns 18

RETO DE VALORES E RELI

Ola moi boas!! Aquí che traemos un novo reto. Nesta ocasión imos conmemorar o día Mundial da Paz e a convivencia, que dende o 2017 celébrase o 16 de maio. Con este día preténdese promover a tolerancia, a solidariedade, o respecto e a Paz a nivel mundial. Para iso facémosche unha proposta para nomearte neno ou nena pola Paz. Estás preparado?...pois alá imos...

Para acadar este **RETO**, imos comezar con un xogo de buscar parellas. Neste xogo terás que conseguir formar parellas de emocións para deste xeito, pasar á seguinte fase do reto. Podes xogar as veces que queiras. Preme na seguinte ligazón para acceder ao xogo:

https://es.educaplay.com/recursos-educativos/5654834-memory_emociones.html

De seguido, deberás pensar cales son os emoticonos que che fan sentir mellor e que che fan lembrar os bonitos momentos que pasas cos teus amigos e amigas, coa familia e que de seguro, favorecerán unha boa convivencia. Pode que a seguinte imaxe sexa de axuda:



Unha vez que xa saibas cales son os que mellor che fan sentir, coa axuda de un adulto, recortarás papeis cadrados de, máis ou menos, 6cms por 6cms. (Lembra aproveitar os folios que téis para reutilizar por un lado). A continuación debuxarás como mínimo 5 emoticonos por duplicado, 1 en cada papel, polo que neste caso, necesitarías 10 papeis. Podes debuxar simplemente o emoticono ou poñerlle o título do que representa esa cariña. Para rematar, podes pegalo nun recadro de cartón, tamén reutilizado... si lle das a volta, terás o teu propio xogo de memoria.

Si conseguimos que botes un sorriso e pases un rato divertido coa túa familia, este reto acadaríalo con 10!!... E non esquezas celebrar este día axudando moito na casa, sendo agradecido/a e valorando e respectando o que cadaquén fai.

Para rematar, podes ver a seguinte canción que nos fala da importancia dos normas para convivir mellor!! Agardamos que che guste. Preme a seguinte imaxe para poder escoitala.



Martes 19


RETO DE ARTE

A Ricardo Carballo Calero (Letras Galegas 20) gustábanlle moito os animais. En especial as galiñas.

Escoita con atención este fragmento de *"as pitas baixo a chuva"* (1984)

Moito quería eu os animais. No curro pasaba unha gran parte do meu tempo ollando para as galiñas. Víaas escaravellar na terra na procura de vermes e miñocas. Botáballes o millo. Recollía os ovos que anunciaban co seu alporizado cacarexar. Cada ave tiña un nome posto por min e eran tan estreitas as relacións entre min e eles que nos comunicábamos co pensamento.


Moitos artistas pintaron os seus animais favoritos, mira:



"Can tumbado na neve"
Franz Marc (1910)



"O galo" Miró (1940)



- "Retrato de Maurice"
Andy Warhol (1976)

RETO: Convértete nun artista, debuxa o teu animal preferido e decórao libremente. Despois escribe o seu nome. Podes empregar material que teñas na casa como: teas, botóns, cartolina, manleys, pintura, etc

Miércoles 20

RETO DE MOVEMENTO

Hoxe imos a facer un xogo dos de toda a vida! Chamase "Twister" e consiste nun taboleiro de xogo para poñer no chan, con círculos ou figuras de diferentes cores, nas que teremos que colocar as nosas mans e pés. Os pasos son os seguintes:



1. Coloca o taboleiro de xogo nunha superficie plana e descázate.
2. Os dous participantes deben colocarse un a cada lado do taboleiro cun pé no círculo azul e o outro no amarelo.
3. Outra persoa fai de árbitro, xira a ruleta e di a cor e a parte do corpo que debe poñer nel. Un xogador debe colocar o pé ou a man nun círculo baleiro con esa cor. Cada círculo pode ocuparse unicamente por unha persoa.
4. As mans e os pés non poden levantarse unha vez que se asignan a un círculo.
5. Se sodes dous a xogar e non dispoñedes de árbitro, os xiros se alternan e un xogador di a cor e outro a parte do corpo.

Para conseguir o RETO de hoxe tes que:

- **Manter o equilibrio durante o xogo**
- **Ser o último/a en caer ao chan e colocar correctamente as mans e os pés nas cores.**

Opcións: Facer o taboleiro con papeis de periódicos pintados, pintar as mans e os pés en vez de círculos... Para a ruleta podedes utilizar un bolígrafo ou unha culler para facela xirar.



Xoves 21



RETO DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE

Para conseguir o reto de hoxe ides ter que crear un conto infinito. Si, si, escoitástedes ben: infinito. Para elo imos precisar un folio, un pegamento, un lapis e cores. O primeiro que imos facer é construír a estrutura do noso conto e para elo déixovos este tutorial:

<https://www.youtube.com/watch?v=GUq8ZHKu6oM>

Como vedes é super fácil. E agora toca darlle á imaxinación. Pensaremos unha pequena historia ou unha canción, preferiblemente sobre o medioambiente, e iremos debuxando en cada unha das catro páxinas unha escena. E para finalizar se vos apetece podedes grabarvos contádonolo. Esperamos as vosas producións, pequenos escritores/as.

“Esta es la historia de una estrella fugaz,
tan rápida tan rápida
que ya no está más...”



Venres 22

RETO DE LECTOESCRITURA

A creación de títulos de contos pode resultar unha tarefa divertida se lle buscamos o xeito lúdico á actividade.

O RETO de hoxe consiste en ADIVIÑAR os seguintes títulos de contos a través de imaxes, seguro que os coñeces todos!!

O martes 12 deixamos unha tarefa de lectoescritura moi divertida que consistía en escribir ou narrar un conto encadeado, podes pensar nel para idear esta proposta ou se o prefires, lembra o reto do día do libro que consistía en narrar o teu conto favorito e atrévete a CREAR o título deste xeito.

Titulo 1




Titulo 2




Titulo 3



Titulo 4



Titulo 5



Titulo 6

